

ACTA Nº 2016/9

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 30 DE XUÑO DE 2016 -

No día de hoxe ás 20:03 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

ADELINA CES QUINTANS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

(Incorpórase ás 20:24 h.)

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

CELSA MARIA MIGUENS PEREZ

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

(Auséntase ás 20:24 h.)

PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

MARTIN COMOJO VICENTE

SON

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

VICENTA AVELINA CAMPAÑA MARTINEZ

INTERVENTORA:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o sr. alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DE ACTAS

1. - Aprobación das actas das sesións do Pleno do Concello que tiveron lugar 28/04/2016, Acta nº 6/2016; 26/05/2016, Acta nº 7/2016; 30/05/2016, Acta nº 8/2016

DACIÓNS DE CONTA

2. - Dacións de conta das Resolucións de Alcaldía do mes de maio de 2016 e das actas das Xuntas de Goberno Local dos días 09/05/2016 e 23/05/2016
3. - Dación de conta das modificacións na composición das Comisións Informativas

da corporación

ASUNTOS DA C.I. DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS E
SERVIZOS MUNICIPAIS

4. - Xestión de Propostas Adhesión AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN
ASINADO ENTRE A Xunta DE Galicia (IGVS) E A FEGAMP
MOCIÓN

5. - Moción pola laicidade no Concello de Rianxo

6. - Rogos e preguntas

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. APROBACIÓN ACTAS PLENOS

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación as actas indicadas.

Acta nº 6/2016 sesión ordinaria de 28/04/2016

Polos Sres. Concelleiros do PSOE e de Rianxo en Común-Son, indícase que faltan as intervencións do referido Pleno.

Pola voceira M^a Carmen Figueira Ares do PSOE, sinálase que no punto 13: moción contra o TTIP, non se inclúeu a enmenda que o seu grupo fixo á referida moción, a cal foi aprobada ca enmenda sinalada a continuación e que na acta non consta:

- “1.- Declarar Rianxo como municipio oposto ó TTIP, **mentres as negociacións sigan levándose con tanto escurantismo e non vendo claro que defendan** os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.
2.- Solicitar ó parlamento español e aos eurodiputados electos o seu rexeitamento á aprobación do TTIP **que con tanta opacidade fai que a cidadanía teña sospeitas sobre o seu verdadeiro interese.**
3.- Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP **do xeito en que se están a facer, porque estas deben levarse a cabo coa colaboración de tódolos sectores implicados e sen ningún tipo de escurantismo.”**

Queda pendente de aprobación a acta do Pleno Ordinario do día 28 de abril do 2016 ata o seguinte pleno no que se fagan constar as correccións sinaladas.

Acta nº 7/2016 sesión ordinaria de 26/05/2016

Pola voceira M^a Carmen Figueira Ares do PSOE, sinálase que no punto 8 de Rogos e Preguntas, non formulou os que constan na acta senón os que se transcriben a continuación:

Rogos:

- 1/ que se revisen os bancos, sobre todo no Paso, porque algúns teñen as madeiras deterioradas e que cando haxa que substituír algunha parte que se pinte. Que non pase como nos xardíns do Paseo da Ribeira que están sen pintar e dan mala imaxe.
2/ Que se revisen os remos da Praza da Manuela, xa que hai algún roto e con perigo de caer.
3/ Que se desbrocen as marxes das pistas xa que a vexetación tan alta dificulta a visibilidade e o tránsito por elas, especialmente nos cruces.

4/ Rogamos que se recolla o material das fontes do Parque Galicia xa que ao non utilizarse estase deteriorando por actos vandálicos.

5/ Rogamos que xa que se comezou a arranxar as baldosas da urbanización A Martela, solicitamos que se arranxen todas as que están en mal estado non só as de un lado so da rúa.

Preguntas:

1/ Cando ten pensado arranxar o que lle solicitamos dende fai uns meses xa que en algúns casos supoñen un perigo para os viandantes.

2/ Que se sabe do pintado da calzada na zona portuaria?

Queda pendente de aprobación a acta do Pleno Ordinario do día 26 de maio do 2016 ata o seguinte pleno no que se fagan constar as correccións sinaladas.

2. DACIÓNS DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO MES DE MAIO DE 2016 E DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL DOS DÍAS 09/05/2016 E 23/05/2016

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/05/2016 ata o 31/05/2016, que comprenden os números 180/2016 ao 225/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 9 da Sesión ordinaria do día 09/05/2016

- Acta Nº 10 da Sesión ordinaria do día 23/05/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

3. DACIÓN DE CONTA DAS MODIFICACIÓNS NA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DA CORPORACIÓN

Tendo en conta os escritos presentados polos voceiros dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, Mª Carmen Figueira Ares e do PP, Mª Vanesa Martínez Durán, no que solicitan a modificación da composición das Comisións Informativas.

Tendo en conta que con data 22 de xuño o Alcalde por Resolución nº 280/2016, delega a presidencia da Comisión Municipal Informativa de Urbanismo, Área de rehabilitación e Obras-Servizos Municipais no concelleiro do BNG Tobías Betanzos Rego.

Procédese á modificación das comisións municipais informativas quedando da seguinte forma:

COMISIÓN	PRESIDENTE	CONCELLEIROS	
		TITULARES	SUPLENTE
BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Hadriana Ordóñez Otero Elisa Bouzas Vicente (29.10.15) Mª Demelsa Iglesias Collazo Antonio Castro Castro	Adelina Ces Quintáns Mª Jesús Galbán Teijeiro Martín Comojo Vicente (23.06.16) Juan Antonio Losasa Martínez
PROMOCIÓN ECONÓMICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Adelina Ces Quintáns Celsa Mª Migueñs Pérez (29.10.15) Francisco J. García Ares (23.06.16) Juan Antonio Losada Martínez	Tobías Betanzos Rego Mª Jesús Galbán Teijeiro Martín Comojo Vicente (23.06.16) Antonio Castro Castro
DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Raquel García Abuín Xusto Xosé Ordóñez Figueira Mª Jesús Galbán Teijeiro (29.10.15) Martín Comojo Vicente (23.06.16) Antonio Castro Castro	Hadriana Ordóñez Otero Celsa Mª Migueñs Pérez (23.06.16) Francisco J. García Ares (23.06.16) Juan Antonio Losada Martínez
ECONOMÍA E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 501/2015 de 21.09.15)	Tobías Betanzos Rego Adela Becerra Mayo (23.06.16) Mª Demelsa Iglesias Collazo Juan Antonio Losada Martínez	Adelina Ces Quintáns Mª Vanesa Martínez Durán (23.06.16) Mª Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro
URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS-SERVIZOS MUNICIPAIS	Adolfo Muíños Sánchez (Delegación R.A. 280/2016 de 22.06.16)	Tobías Betanzos Rego Mª Vanesa Martínez Durán Mª Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro	Raquel García Abuín Elisa Bouzas Vicente Francisco Javier García Ares Juan Antonio Losada Martínez
ESPECIAL DE CONTAS	Adolfo Muíños Sánchez	Tobías Betanzos Rego Adela Becerra Mayo (23.06.16) Mª Demelsa Iglesias Collazo Juan Antonio Losada Martínez	Raquel García Abuín Elisa Bouzas Vicente (23.06.16) Mª Carmen Figueira Ares (23.06.16) Antonio Castro Castro
INFORMATIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)	Adolfo Muíños Sánchez	Xusto Xosé Ordóñez Figueira Elisa Bouzas Vicente (23.06.16) Mª Carmen Figueira Ares Antonio Castro Castro	Adelina Ces Quintáns Celsa Mª Migueñs Pérez Francisco Javier García Ares Juan Antonio Losada Martínez

Asemade, e atendendo ao solicitado pola voceira do PP Mª Vanesa Martínez Durán, no escrito de data 23 de xuño, queda designada a concelleira Adela Becerra Mayo, como Voceiro Suplente do grupo Municipal do Partido Popular.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

4. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A XUNTA DE GALICIA (IGVS) E A FEGAMP

Visto o Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Tendo en conta que o Concello de Rianxo dispón de vivendas que reúnen os requisitos esixidos para adhesión ao referido convenio.

Esta Alcaldía, propoño ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

A colaboración do Concello de Rianxo co Instituto Galego de Vivenda e Solo, para contribuír ao acceso á vivenda en alugueiro.

SEGUNDO

Comuníquese dito acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, como o organismo competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO

Facultar ao alcalde para realizar e asinar as xestións necesarias para dita colaboración.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

Polo concelleiro Antonio Castro Castro de Rianxo en Común-Son, indícase que o seu grupo vai apoiar a proposta xa que consideran que todo o mundo ten dereito á unha vivenda digna. Dí que nestes últimos anos houbo moita especulacións no campo da vivenda incluso no tema de moitas hipotecas.

Pola concelleira M^a Carmen Figueira Ares de PSOE, maniféstase que o seu grupo vai a apoiar a proposta por ser beneficiosa para moitas persoas.

Pola concelleira Vanesa Martínez Durán do P.P. indíca que o seu grupo vai aprobar a proposta presentada .

Pola concelleira Adelina Ces Quintáns do B.N.G., sinálase que o seu grupo vai aprobar a proposta para rematar coa especulación do solo de xeito que a vivenda sexa un dereito non un negocio.

O Alcalde dí que que este programa é voluntario e que haberá que facer algunha bonificación para incentivar o censo de vivendas baleiras. Sinala que para os bancos debería ser obrigatorio a inclusión das súas vivendas no referido censo, e que no caso deste concello serán unhas 34 vivendas, xa que algúns foron subvencionados para salir desta crise.

Indica que xa se lle solicitou ao IGVS para que fixese xestións de cara a incluír as vivendas ds bancos neste censo.

Dí que no caso de Rianxo, supoñen unhas 34 vivendas propiedade dos bancos e que o concello tamén incluírá as 6 vivendas recuperadas dos mestres unha vez que estean en condicións.

Indica que se creará unha comisión bilateral e que se intentará que ademáis da alcaldía poda asistir algún membro desta corporación e a poder ser todos os grupos.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN sendo APROBADA por unanimidade dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5. MOCIÓN POLA LAICIDADE NO CONCELLO DE RIANXO

Votacións da ratificación inclusion orden do día:

Apróbase por unanimidade dos 17 membros dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Grupo Municipal de Rianxo en Común, por medio do seu representante na Comisión de Benestar Social, Igualdade e Diversidade, Antón Castro Castro, ao amparo da lexislación vixente, somete a consideración do Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, se procede, MOCIÓN POLA LAICIDADE NO CONCELLO DE RIANXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Atendéndonos ao que establece a actual Constitución española, “Ningunha confesión terá carácter estatal”, entendemos que o concello ten como obxectivo democrático fomentar a liberdade da conciencia e a independencia desta institución do Estado de calquera confesión relixiosa ou ideolóxica particular, por respecto á pluralidade ideolóxica, de conviccións e creenzas do conxunto da cidadanía deste municipio.

O artigo 16 da Constitución Española ampara a confesionalidade do Estado. Nel recóllese que o Estado non pode adherirse nin prestar o seu respaldo a ningún credo relixioso. Por outro lado, o artigo 14, recolle a igualdade ante a Lei de todas as persoas, prohibindo calquera discriminación por razóns de relixión. Neste senso, a sentenza do Tribunal Constitucional 24/82, de 13 de maio, recurso 68/1982, di: “é asimesmo certo que hai dous principios básicos no noso sistema político, que determinan a actitude do Estado cara os fenómenos relixiosos e o conxunto de relacións entre o Estado e as igrexas e confesións: o primeiro deles é a liberdade relixiosa, entendida como un dereito subxectivo de carácter fundamenta que se concreta no recoñecemento dun ámbito de liberdade e dunha esfera de agüere licere do individuo, o segundo é o de igualdade, proclamado polos artigos 9 e 14 do que se deduce que non é posible establecer ningún tipo de discriminación ou de trato xurídico diverso dos cidadáns en función das súas ideoloxías ou creenzas e que debe existir un igual disfrute da liberdade relixiosa por todos os cidadáns. Dito de outro modo, o principio de liberdade relixiosa recoñece o dereito dos cidadáns a actuar neste campo con plena inmunidade de coacción do Estado e de calquera grupo social, de maneira que o Estado prohíbese a sí mesmo calquera concurrencia, xunto cos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou de actitudes de signo relixioso, e o principio de igualdade, que é en consecuencia o principio de liberdade nesta materia, significa que as actitudes relixiosas dos suxeitos de dereito non poden xustificar diferenzas de trato xurídico.”

Porén, tamén voces sobradamente autorizadas da Igrexa católica teñen defendido a necesidade da separación entre Igrexa e Estado. Así por exemplo, Jorge Mario Bergoglio durante unha viaxe ao Brasil manifestouse en favor do Estado laico, “a convivencia pacífica entre as diferentes relixións vese beneficiada pola laicidade do Estado, que sen asumir como propia ningunha posición confesional, respecta e valora a presenza do factor relixioso na sociedade”, Jorge Mario Bergoglio é o nome secular do Papa Francisco.

O seu predecesor no cargo, Benedicto XVI, dixo nunha visita á embaixada italiana no Vaticano no 2008, “a igrexa é moi consciente de que pertence á estrutura fundamental do cristianismo a distinción entre o que é do César e o que é de Deus, é dicir, a distinción entre o Estado e Igrexa. (...) Esa distinción e esa autonomía son respetadas e recoñecidas pola Igrexa, que se alegra delas considerándoas un gran progreso para a humanidade e unha condición fundamental para a súa liberdade”.

Dende o grupo municipal de Rianxo en Común entendemos que nos espazos públicos ningunha relixión, debe ter carácter preferente e o contrario é unha manifestación inequívoca de que a Administración pública se declara a favor desa relixión en detrimento das outras confesións relixiosas e das convencións do resto dos cidadáns que profesan esa confesión relixiosa e fai proselitismo ao tempo que vulnera o principio de liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado e das diversas Administracións públicas.

Sendo as 20:24 h. Incorporárase á sesión a concelleira Hadriana Ordóñez Otero e auséntase da mesma a concelleira Adela Becerra Mayo.

Continúa ca lectura da moción o voceiro Antonio Castro Castro de Rianxo en Común-Son.

Así pois elévanse, para a súa aprobación, ao Pleno Municipal, os seguintes ACORDOS:

- Nos espazos de titularidade pública que dependan do Concello de Rianxo non existirá simboloxía relixiosa, excepto aquela que signifique un ben patrimonial e histórico especialmente contrastado.
- Non se promoverán, por parte deste concello ritos nin celebracións relixiosas de ningún tipo, sendo todos os actos organizados polo Concello de Rianxo exclusivamente de carácter civil.
- Os membros da corporación municipal e o persoal ao servizo da administración municipal non amosarán, no exercicio do seu cargo ou das súas funcións, ningún xesto de sumisión ou veneración de persoas ou imaxes relixiosas, nin participarán en función do seu cargo en ditas manifestacións relixiosas.
- O Concello de Rianxo e a súa corporación non se encomendará ao santoral, imaxes ou rituais relixiosos.
- Excepto para as festas tradicionais ou as declaradas de Interese Turístico, o concello non donará, nin facilitará, chan público, nin locais, nin concederá financiación pública ou exencións municipais, para a instalación da infraestrutura ou realización de actividades a ningunha confesión ou institución relixiosa.
- Elaborarase un censo, que se fará público, dos locais, vivendas ou espazos rústicos que estean exentos do pago do IBI no Concello de Rianxo.
- Este Concello pronunciarase a favor de que se modifiquen as leis e Acordos estatais pertinentes, para que todas as entidades relixiosas ou doutra natureza ideolóxica non teñen exencións de impostos municipais, incluíndo o de Bens Inmóveis (IBI), que se deriven da súa actividade, xa sexa de carácter relixioso ou mercantil.
- Este Concello elaborará un censo das propiedades rústicas e urbanas das que se puidera apropiar a Igrexa católica, mediante o sistema de inmatriculación, dende 1946. Solicitando, no seu caso, a información pertinente aos rexistradores da propiedade correspondente.
- Asegurarase que no cemiterio de Rianxo os familiares dos defuntos, sen exclusión

algunha por motivos de relixión ou de conviccións, poidan celebrar as cerimonia e enterramentos que estimen pertinentes en base as súas creencias e conviccións, dentro da legalidade, hixiene e salubridade públicas.

- O Concello de Rianxo facilitará que as cerimonia civís se poidan celebrar sen obstáculos, dando a cidadanía todo tipo de facilidades para iso e poñendo a adecuada infraestrutura para iso.
- O concello de Rianxo mostrará especial interese en festividade locais en referencia a acontecementos que unana a toda a cidadanía e non só os referentes a unha parte da cidadanía que ten determinadas creencias.
- Iranse incorporando referencias e conmemoracións de carácter civil ao calendario oficial, centros públicos e os rueiros municipais, así como as datas fixas e denominación neutra ás vacacións escolares, fixadas a través do Consello Escolar Municipal.
- Os poderes públicos locais velarán pola laicidade das ensinanzas impartidas nos itinerarios oficiais.
- En períodos electorais, o Concello de Rianxo facilitará colexios ou locais non confesionais e que estean libres de simboloxía relixiosa ou de outra natureza ideolóxica para o exercicio democrático de votar.
- O Concello de Rianxo promoverá campañas informativas sobre o significado da Declaración Universal dos Dereitos Humanos sobre a liberdade de pensamento e de conciencia e polo tanto da liberdade relixiosa e sobre o principio constitucional: "Ningunha confesión terá carácter estatal".

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

Pola voceira M^{la} Carmen Figueira Ares do PSOE, indícase que o Concello de Rianxo dende fai moitos anos xa é aconfesional e non creen que sexan necesarias adoptar as medidas que figuran na moción.

Dí que para o seu grupo a asistencia dos concelleiros a actos relixiosos e coma a asistencias a un acto cultural máis e que cada un ten a vontade de asistir ou non.

Anuncia o voto en contra do seu grupo á moción presentada.

Pola voceira Vanesa Martínez Duán do PP, sinálase que o texto recollido nesta moción é contrario ao texto da constitución española e a interpretación realizada polo Tribunal Constitucional do alcance do artigo 16, polo que o seu grupo dí que primeiro realicen a modificación da constitución e despois que sexan as Cortes Xerais as que decidan.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Pola voceira Adelina Ces Quintáns do BNG, indícase que o seu grupo váise abster xa que a maioría dos acordos que se piden estánse levando a cabo, agás o do IBI, xa que o concello non é competente para elo. Di que son aconfesionais e que o grupo de goberno xa non asiste a ningún acto relixioso e non ven ningún motivo especial para poder aprobar

a moción.

Polo Sr. Alcalde, dise que comparten totalmente algúns aspectos da moción da exposición de motivos e que creen que están practicando a laicidade o equipo de goberno, xa que se reduciu ao mínimo as asistencias aos actos relixiosos.

Di que a moción pretende ir máis alá do sentido común e do que xa están practicando e que suporía un mal estar xeral,

Indica de que ademais de non asistir aos actos relixiosos, pretendeuse cobrar o IBI aos edificios pertencentes á igrexa e por determinadas actividades, coma o imposto de construción dalgúns cemiterios, e perdeuse por sentenza xudicial.

Di que pretender levar as cousas a extremo pode ser prexudicial, polo que defende a abstención anunciada do grupo de goberno.

Polo voceiro de Rianxo en Común-Son Antonio Castro Castro, indícase que só pretenden defender a liberdade relixiosa e non pretende ferir susceptibilidades.

Pola voceira do P.P. Vanesa Martínez, incídese en que o equipo de goberno tamén asiste a algúns actos relixiosos coma o domingo de Guadalupe e outros, e tamén colabora con determinados actos, e que as cousas levadas a extremo non son boas.

Pola voceira Adelina Ces do BNG, di que non promoven ningún actos relixioso senón que algúns os apoian a pesar de que o equipo de goberno é aconfesional.

Polo Alcalde dise que festa de Guadalupe é de todo o municipio e non é partidario de que o goberno asista ás procesións e se algún desexa ir a título persoal, non ten que haber problema.

Pola voceira M^a Carmen Figueira Ares do PSOE, sinálase que cada un debe ter a liberdade para asistir ou non aos distintos actos, e que non vé necesidade de aprobación da referida moción, xa que a maior parte do que se pide xa se ven facendo dende fai moitos anos.

Rematado o debate, sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN sendo DENEGADA por 8 votos en contra (concelleiros do P.P. e PSOE) 6 abstencións (concelleiros do BNG) e 2 votos a favor (concelleiros de Rianxo en Común-Son).

6. MOCIÓN DE URXENCIA

Entrado neste punto non se presenta ningunha,

7. ROGOS E PREGUNTAS

Entrado neste punto prodúcese os seguintes:

Polo voceiro Antonio Castro Castro de Rianxo en Común-Son formúlanse os seguintes rogos:

- Que se habilite unha praia das existentes neste concello para poder levar as mascotas.
- Que se faga pública na web do concello o destino das distintas instalacións municipais para que todos os colectivos teñan o mesmo dereito de solicitar o seu uso sen agravios.
- Que a limpeza da beirarrúa que esta fronte ao cuartel da garda civil por estar chea de excremento de pomba ou ben a dispersión das referidas aves, xa que alí hai unha ludoteca.
- Que se inspeccione no cruce de Rianxiño un local que está sendo utilizado como almacén de produtos diversos, carecendo da autorización necesaria.
- Que limpeza de distintas parcelas en entornos urbanos, debendo mantelas en bo estado.
- Que se intente solucionar o problema duns veciños do lugar de Igrexa-Taragoña que mercaron un piso dende fai máis de un ano e non teñen o servizo de auga.
- Que se acondicione o entorno da Praza de Castelao, por ter sufrido caída por varios veciños ao estar as pedras levantadas.
- Que se revolva a carencia de auga quente na escola infantil, xa que non é problema de avaría senón de insuficiencia do termo.

Polo voceiro Antonio Castro Castro de Rianxo en Común-Son formúlanse as seguintes preguntas:

- ¿Cando se van presentar os orzamentos municipais para a súa aprobación?
- ¿Cando se vai proceder á limpeza e acondicionamento dos parques, cunetas, pistas, etc? xa que hai queixas dos veciños por estar cheo de maleza e herbas. Debería procederse á limpeza antes destas datas.
- ¿En que situación se encontra o local da terceira idade?

Pola voceira M^a Carmen Figueira Ares do PSOE formúlanse os seguintes rogos:

- Que non se espere aos meses de xullo e agosto para ter abertos os baños que hai na praia de Tanxil, posto que nada máis chegar o bo tempo a xente xa empeza a ir á praia. Tamén que se amplíe o horario de apertura dos mesmos polo menos nos principais areais.
- Que se revisen os espellos situados nos cruces, xa que algúns están mal regulados ou afumados e non fan a súa labor.

Pola voceira M^a Carmen Figueira Ares do PSOE formúlanse as seguintes preguntas:

- ¿Como está o asunto da actualización das tarifas dos taxis do concello?, xa que este feito prexudica aos traballadores do sector.

- ¿Que medidas se están adoptando polo concello no conflito existente entre os taxistas deste concello? O tema é grave xa que ven motivado a que cando un dos taxistas non pode realizar o servizo, avisa a outro do concello de Boiro o que xera un prexuízo aos demais compañeiros deste concello.

- Próximo a rematar a exposición pública do inventario de camiños, e sabendo que xa se fixeron diversas reunións polas parroquias, ¿Está asistindo moita xente ás referidas reunións?

Pola voceira Vanesa Martínez Durán do P.P. fórmulanse os seguintes rogos:

- Que se limpe, ou se insten a administración competente, das rúas, cunetas, etc, xa que os veciños necesitan invadir as estradas para poder pasar o que ocasiona perigo de accidentes.

- Que na rúa Gudiños leva acendido o alumeado todo o día e que se intente solucionar o problema

Pola voceira Vanesa Martínez Durán do P.P. fórmulanse as seguintes preguntas:

- ¿Como se encontra a situación dos taxistas municipais en relación ao problema cos taxímetros?

Polo Sr. Alcalde contéstase:

- En relación á revisión de tarifas e taxímetros dos taxis deste concello, será un traballo a facer pola Secretaría que vai tomar posesión nos vindeiros días. Espera que despois cando se presenten as novas tarifas sexan aprobadas por unanimidade, xa que a proposta vai conter unha subida.

- Di que se adoptaron medidas en relación aos problemas xurdidos con motivo da asistencia a este concello doutro taxista. Sinala que se falou co alcalde de Boiro, por ser dese concello o referido taxista, para que fose multado.

Di que se volverá a poñer en contacto novamente co alcalde para saber as medidas adoptadas en relación ca denuncia presentada.

Indica que parte do problema ven dado polo contrato que un dos taxistas ten co SERGAS para dar cobertura aos médicos do centro de saúde. Intentarase dar solución ao tema.

- En canto á asistencia ás reunións do inventario, sinala que algunhas son máis masivas que outras pero que se intenta que cheguen a todos os veciños. Di que se están presentando alegacións á exposición. Que se lle está dando a máxima publicidade e que se fará todo o posible para que entre todos se realice da maneira máis exacta o traballo.

- En relación ao local da terceira idade o concello non está colaborando coa Confraría no sufrago. Di que non lle parece razoable que dende Portos de Galicia se pretenda cobrar

agora 8.000,00 €, cando antes non o facía. O concello non pode pagar un alugueiro dese prezo e menos a Portos de Galicia. Dí que a confraría debería intervir para que manteñan a bonificación do 90%, xa que non é un local que teña un negocio.

O concello ofreceralle un local alternativo para que se muden e que é unha asociación que non engade a todos os maiores. Intentarase axudar coma se fai con outros colectivos. Neste momento xa se colabora no tema da limpeza e non habería problema en axudar economicamente se fora outra cantidade.

- Con respecto aos desbroces, dí que os veciños xa saben cando se vai proceder á limpeza dos espazos, cunetas, etc, xa que cada ano comezase os traballos no mes de marzo, coincidindo cas festas de Brión e despois xa seguen co calendario establecido. Dí que se fará unha segunda volta que xa está realizando, pero que tamén depende un pouco da climatoloxía.

Dí que tamén os veciños deben ter limpas as súas parcelas e fincas para que o concello non teña que facelo de oficio, o cal resulta custoso e é un proceso longo.

- En relación ao termo da escola infantil, di que está pendente dunha entrevista ca consellería na que se tratarán entre outros o tema do consorcio e tratarase de darlle unha solución. Indica que o concello o ano pasado xa pagou a obra para tratar as filtracións existentes na escola infantil, cando a outros concellos se lles financiou polo consorcio. Dí que se tratará que se faga cargo do mantemento a consellería ou o consorcio.

- En canto aos desbroces das parcelas na zona urbana, vai relacionado co exposto anteriormente, que a veces resulta dificultoso polo proceso longo que supón facelo de oficio.

- En relación ao tema das mascotas nas praias, é un tema complicado. En Rianxo non hai tantos areas coma para poder destinar un para eses fins. Sinala que habería moitas queixas veciñais se se levase a cabo o solicitado. Non obstante poden presentalo coma unha moción para tralo tema.

Dí que ha actualidade hai máis queixas polas cans que andan ceibos que polas mascotas que non poden baixar á praia.

As demais preguntas quedan pendentes para o próximo pleno.

Ás 21:20 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión,